



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 25 DE ABRIL DE 2025**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTON ARRIIBE RODRIGUEZ

ISMAEL DURAN BEREIJO

LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia a Concelleira:

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:55 horas do día 25 de abril de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 11.04.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 11.04.2025 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE MARZO 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 24.04.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE MARZO 2025.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de marzo 2025 que empeza por cun importe de 83,42 € e finaliza con cun importe de 49,00 € e se compón de 47 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.992,44 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de marzo 2025 que empeza por cun importe de 7,20 € e finaliza con cun importe de 28,80 € e se compón de 10 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 466,20 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABILTABILIDADE DE INMOBLE. Expediente: 2024/X999/0000248

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 22.04.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABILTABILIDADE DE INMOBLE.



Expediente: 2024/X999/0000248

Solicitude: 202400000004172 (15/11/2024)

ANTECEDENTES

Primeiro. solicitou a baixa do recibo cos datos que se indican a seguir alegando a inhabilitabilidade da construción.

NÚMERO FIJO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000644562				

Segundo. Consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 16 de abril de 2025, en sentido FAVORABLE.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021. Na súa nova redacción aplicable dende o 07.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite.

A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fixa de 20,00 “

III. O expediente conta con informe técnico municipal que conclúe as condicións de non habitabilidade da vivenda a data 16 de abril de 2025.



A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabilitabilidade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.

Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2025, 2026 e 2027 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2025, 2026 e 2027 os recibo cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000644562				

SEGUNDO. NOTIFICAR o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABILTABILIDADE DE INMOBLE. EXPEDIENTE: 2024/X999/0000249

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 22.04.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABILTABILIDADE DE INMOBLE.

Expediente: 2024/X999/0000249

Solicitude: 202400000004565 (17/12/2024)

ANTECEDENTES

Primeiro. solicitou a baixa do recibo cos datos que se indican a seguir alegando a inhabilitabilidade da construción.

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000643909				

Segundo. Consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 16 de abril de 2025, en sentido FAVORABLE.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021. Na súa nova redacción aplicable dende o 07.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite.
A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fixa de 20,00 €”

III. O expediente conta con informe técnico municipal que conclúe as condicións de non habitabilidade da vivenda a data 16 de abril de 2025.

A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabilitabilidade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.

Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2025, 2026 e 2027 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2025, 2026 e 2027 os recibo cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000643909				

SEGUNDO. NOTIFICAR o presente acordo á interesada.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**5. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN.
EXPEDIENTE: 2025/X999/000076**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 24.04.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN

Expediente: 2025/X999/000076

Solicitude: 202500000001074 (03/04/2025)

ANTECEDENTES

Primeiro. Expediente 2020EXP35033174 do Servizo de Recadación da Deputación da Coruña sobre o recibo seguinte:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000647204				

O servizo de Recadación da Deputación da Coruña propón a rectificación do suxeito pasivo para os exercicios 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 325/2023, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.



II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorratio nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

O Servizo de Recadación da Deputación da Coruña propón a anulación das taxas indicadas por variación do titular catastral do inmovible, e liquidación ao actual obrigado tributario, para o cal achegan os seguintes datos:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR CORRECTO	NIF

I. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647204	20243515022RL01R000903				2024	79,15 €
253000647204	20233515022RL01R002210				2023	81,79 €
253000647204	20223515022RL01R004918				2022	81,03 €
253000647204	20213515022RL01R004897				2021	83,37 €
253000647204	20203515022RL01R004872				2020	89,25 €

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647204	20243515022RL01R000903				2024	79,15 €
253000647204	20233515022RL01R002210				2023	81,79 €



253000647204	20223515022RL01R004918		2022	81,03 €
253000647204	20213515022RL01R004897		2021	83,37 €
253000647204	20203515022RL01R004872		2020	89,25 €

SEGUNDO. Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondentes aos exercicios 2022, 2023 e 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. APROBACIÓN REINTEGRO DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2024: COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO DO CORVEIRO CIF G19370675. EXPEDIENTE: 2025/G006/000122

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.04.2025, que literalmente di:

“**Expediente:** 2025/G006/000122

Asunto: APROBACIÓN REINTEGRO DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2024: COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO DO CORVEIRO CIF G19370675.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións para gastos de Comisións de Festas do ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2024.

Visto que consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de San Antonio do Corveiro CIF G19370675 o 31 de xaneiro de 2025; con rexistros de entrada 202599900000215 e 202599900000216 e obsérvase o seguinte:

- A comisión de festas de San Antonio do Corveiro CIF G19370675 debe figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- O xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes debe ser o da comisión de festas de San Antonio do Corveiro.
- Non se achega o certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.

Visto o informe **desfavorable** de Intervención de data 22 de abril de 2025 relativo a xustificación da subvención no que se sinala que. “(…/…) O xustificante bancario do pagamento da factura



correspondente non figura a nome da comisión de festas de San Antonio do Corveiro. Non consta que a conta dende a que se pagou a factura sexa da comisión de festas de San Antonio do Corveiro, xa que non é o mesmo número que presentou a Comisión no momento da convocatoria. (.../...)”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propor a Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Non aprobar a xustificación dos gastos realizada pola comisión de festas de San Antonio do Corveiro CIF G19370675 por incumprimento dos requisitos obrigatorios.

SEGUNDO. Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira da parte anticipada e non xustificada segundo o seguinte detalle:

IMPORTE SUBVENCIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE A DEVOLVER POLA ASOCIACIÓN
800,00 €	560,00 €	560,00 €
		560,00 €

IBAN do Concello: ES 15 2080 5196 2931 1000 0027

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000700	SIA	01/01/2025	20510	240,00€

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN REINTEGRO DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2024: COMISIÓN DE FESTAS DE ESTEIRO CIF V70568571. EXPEDIENTE: 2025/G006/000123

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.04.2025, que literalmente di:

“**Expediente:** 2025/G006/000123

Asunto: APROBACIÓN REINTEGRO DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2024: COMISIÓN DE FESTAS DE ESTEIRO CIF V70568571.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO



Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións para gastos de Comisións de Festas do ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2024.

Visto que consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de Esteiro CIF V70568571 o 29 de xaneiro de 2025; con rexistro de entrada 202599900000188; obsérvase o seguinte:

- Non se achegan as facturas de gasto da comisión de festas de Esteiro CIF V70568571 que foran motivo da subvención.
- Achéganse xustificante bancario do pagamento das facturas relacionadas, pero o ordenante non é a comisión de festas de Esteiro CIF V70568571.
- Non se achega asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade o certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades.

Visto o informe **desfavorable** de Intervención de data 22 de abril de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Non aprobar a xustificación dos gastos realizada pola comisión de festas de Esteiro CIF V70568571 por incumprimento dos requisitos obrigatorios.

SEGUNDO. Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira da parte anticipada e non xustificada segundo o seguinte detalle:

IMPORTE SUBVENCIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE A DEVOLVER POLA ASOCIACIÓN
800,00 €	560,00 €	560,00 €
		560,00 €

IBAN do Concello: ES 15 2080 5196 2931 1000 0027

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000669	SIA	01/01/2025	20510	240,00€

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA CON NIF G70511613. EXPEDIENTE: 2025/G006/000124

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.04.2025, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000124

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrência competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA con NIF G70511613.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA con NIF G70511613.

Visto o informe favorable de Intervención de data 23 de abril de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propor a Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOC. CUL. RONDALLA CEDEIRA con NIF G70511613.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 702,62 € correspondente á subvención destinada a actividades e 376,37 € correspondente á subvención destinada a investimentos abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACIÓN ACORDEÓNS DE CEDEIRA CON NIF G70380506. EXPEDIENTE: 2025/G006/000125

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.04.2025, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000125

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACIÓN ACORDEÓNS DE CEDEIRA CON NIF G70380506.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACIÓN ACORDEÓNS DE CEDEIRA CON NIF G70380506.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 22 de abril de 2025 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: *“Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 500,00€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 150,00€ correspondente a área de investimentos e unha garantía por importe de 797,45€ na área de actividades, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de actividades, 797,45€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 350,00€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 447,45€”.*

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMERIO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACIÓN ACORDEÓNS DE CEDEIRA CON NIF G70380506 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 447,45€ correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000517	SIA	01/01/2025	20510	350,00€

CUARTO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.



QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SEXTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 177/2025 DE 14.04.2025 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL - APROL RURAL 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 177/2025 de data 14.04.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL - APROL RURAL 2025

Vista Orde do 05 de marzo de 2025, da Consellería Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) para o exercicio do ano 2025, publicada no DOGA nº 50 o día 13/03/2025.

Resultando que a duración dos contratos e a xornada laboral segundo o artigo 4 deberá ser de 9 meses a tempo completo, debendo ser persoal contratado para tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal.

Visto que no artigo cinco da devandita Orde se establece que a contía da subvención será á necesaria para sufragar os custos salariais totais incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, cos máximos establecidos no mesmo.

Visto que no artigo 5.2 da devandita Orde se establece que non se consideran custos salariais elixibles o importe da indemnización prevista polo artigo 49º.1 c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Tendo en conta que no artigo 8.1.b) da referida Orde establece que entre a documentación a presentar xunto coa solicitude de subvención deberase remitir certificado no que consten, entre outros, os seguintes extremos:

- La representación que desempeña la persona que firma solicitude
- A aprobación da solicitude de subvención.
- A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas polo concello.
- As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial de convenio colectivo que resulte de aplicación, xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.

Visto Informe de Intervención municipal de existencia de financiamento suficiente de data 14/04/2025.



RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) para o exercicio do ano 2025, nos seguintes termos:

nº trab.	Grupo cotiz.	ocupación	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo mensual	Total custo traballador
1	10	Peón de limpeza de montes	1.538,93	38,47%	592,03	2.130,96	19.178,64€

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 179/2025 DE 14.04.2025 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL ALUMBRADO DEL CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE O BECO” AO ABEIRO DA ORDE DO 05 DE MARZO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 179/2025 de data 14.04.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL ALUMBRADO DEL CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE O BECO” AO ABEIRO DA ORDE DO 05 DE MARZO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B

Vista a Orde do 05 de marzo de 2025 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes (código de procedemento PR486B)., publicada no DOGA número 49 de 12 de marzo de 2025.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que debe certificarse que existe acordo do concello polo cal se solicita a achega para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta orde e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Visto o proxecto coa denominación “Mejora de la eficiencia energética del alumbrado del Campo de futbol municipal O Beco” cun orzamento IVE incluído de 55.599,64€.



Visto que, segundo o artigo 4.2 o importe máximo inicial da asignación por concello establécese en 60.000,00 €.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Orde do 05 de marzo de 2025 para a realización do proxecto “Mejora de la eficiencia energética del alumbrado del Campo de futbol municipal O Beco” cun orzamento IVE incluído de 55.599,64€ e solicitar subvención polo 100% do orzamento presentado.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:05 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ